

Sabela Mendoza

**O  
público  
está  
aquí**

*ensaio*



*Estraperlo*

**Autora**

Sabela Mendoza

**Deseño e edición**

Tono Mejuto

**Corrección de textos**

Lorena Paz López

© Sabela Mendoza

© da edición: Estraperlo e De Corpos Presentes

© das fotografías:

© das citas: os seus autores

–

Impreso en Gráficas Mera,  
A Coruña

Primeira edición, decembro 2018

200 exemplares

ISBN 978-84-949791-1-8

Depósito Legal C2384-2018

Co apoio da Deputación da Coruña,  
a través das axudas a proxectos singulares de  
especial interese cultural 2018

# O público está aquí

**Sabela Mendoza**



*ensaio*

estraperloeditora.es  
info@estraperloeditora.es

edecorpospresentes.gal  
contacto@decorpospresentes.gal

Exemplar \_\_\_\_ de \_\_\_\_ .

Este exemplar é o \_\_\_\_ comezando polo \_\_\_\_ .

**“E puiden ver, diante de nós,  
a un suxeito que se expuña máis ca min”**

Espectador contemporáneo,  
sobre un artista do seu tempo.

*ao público,  
e ao que se foi público.*

## Limiar

O público está aquí, deixaron de ser “esas persoas” para seren espectadoras. Son “o outro” para a escena, para a artista, ou son “as outras” para si mesmas? A súa función na obra, a función do público, é tamén esta representación.

O lugar do público é un espazo baleiro, unha función espazo-tempo neutralizada, unha bisagra onde se desdobran os sentidos. Pero o público cóntase en cifras, procúrase a súa felicidade, ten un día especial, é obxecto de estudos, estratexias e desexos, defínese a súa participación... e tamén se acouta o espazo da súa experiencia: “aquí”.

Máis alá de definir unha posición do espectador no mapa artístico contemporáneo, trátase de desmontar identidades para xerar espazos de liberdade que se relacionen co territorio do posible.

De mirar co corpo, que distingue máis de dous lados.

A intensidade incorpórase aí, nos corpos que significan a súa existencia, que non se supeditan a si mesmos; se lle damos paso, o tempo ponlle nome.

*A danza é o presente máis intenso que coñezo.*

***Non coñezo este lugar,  
por iso volvo a miúdo.***

Algúns fragmentos de todo o que está escrito sobre o público pódense atopar no Epílogo a esta edición. (\*)

(\*) “Unha referencia circular existe cando hai fórmulas que se refiren a outras e estas dependen unhas doutras. Por exemplo, se a cela A1 contén a fórmula “=B1” e a cela B1 contén a fórmula “=A1”, xerouse entón unha referencia circular xa que ambas fórmulas dependen unha doutra para a súa resposta.”

–MICROSOFT, “Localización de referencias circulares” (Id. de artículo: 550264 - Última revisión: 04/21/2005 00:02:18 - Revisión: 1.3). Publicado en: Microsoft online support, Internet, sen data. (Dispoñible en: <https://support.microsoft.com/es-es/kb/550264>, data de consulta: 1 de xuño de 2016).



**Dende a súa primeira aparición,  
non faltou nin**

**unha**

**soa**

**vez.**

*Formeime como público (1) en \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ e un longo etcétera.*

*Fun público oficial por primeira vez en 1991 aos 7 anos en  
\_\_\_\_\_.*

*Tras este debut continuei exercendo como público oficial noutros espazos da  
cidade como \_\_\_\_\_*

*\_\_\_\_\_ Pasei por algúns dos principais escenarios e festivais de \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ **sempre desexando que me gustase.***

*Máis tarde chegaría ao Teatro Real, onde ata 2014 puíden sentar entre a  
sexta e a décima fila por menos de 15 euros co desconto de último minuto  
para menores de 30.*

*No ámbito da danza, teño sido público de artistas e compañías destacadas  
e consagradas como \_\_\_\_\_*

*\_\_\_\_\_, así como outras alternativas  
e/ou emerxentes como \_\_\_\_\_, entre  
tantas outras.*

“ \_\_\_\_\_ ” –O desexo de  
biografía estraga a biografía  
desexada, pensou, mentres  
compartía a súa testemuña–.

(1) Detrás, hai máis persoas de pé, mirando á fronte. Forman unha  
parede de público, en fila ombro con ombro. Dalles as costas mentres  
fala.

**Está aquí para pensar alí.**

Unha persoa está aquí.

Vén dun lugar, que vén por súa vez de moitos lugares.

Debuxa unha liña recta cos seus pasos.

Para nun punto.

Escóitase unha liña discontinua.

***creación de formas:***

- *Cantas liñas paralelas ten a liña debuxada?*

- *E perpendiculares?*

- *O punto é a fin da liña?*

- *Onde remata unha liña de puntos?*

- *Canta distancia hai aquí e alí?*

- *E entre o público aquí e o público alí?*

(Xeometría: o espazo do desexo e infinito)



## É o que acontece cando

alguén está mirando.

alguén está escoitando.

alguén está recibindo.

alguén está comprendendo.

alguén está contando.

alguén está atendendo.

alguén está lembrando.

alguén está conectando.

alguén está pagando.

alguén está faltando.

alguén está coñecendo.

alguén está sumando.

alguén está gravando.

alguén está rexistrando.

alguén está esquecendo.

alguén está inventando.

alguén está creando.

alguén está repetindo.

alguén está copiando.

**Garda unha duración de silencio.**

UN MINUTO  
polos que non están

**No lugar de todas as cousas.**

de \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ .

z                      nós                      cero

branco                      infinito

negro                      outro                      branco


a                      verán                      eu

fin                      inverno

principio


## Decide se toma decisiones.

*Valo perder?*



*Valo perder?*

*(Grazas)*





**Coñece a verdade**

**DO  
ENGANO**

## Ocupa as cadeiras baleiras.

Soa a música

As persoas sentan nas cadeiras colocadas en círculo

Para a música

As persoas camiñan arredor das cadeiras colocadas en círculo

Soa a música

As persoas sentan nas cadeiras colocadas en círculo

Para a música

As persoas camiñan arredor das cadeiras colocadas en círculo

Soa a música

As persoas sentan nas cadeiras colocadas en círculo

Para a música

As persoas camiñan arredor das cadeiras colocadas en círculo

Soa a música

As persoas sentan nas cadeiras colocadas en círculo

Para a música

As persoas camiñan arredor das cadeiras colocadas en círculo

Soa a música

As persoas sentan nas cadeiras colocadas en círculo

Para a música

As persoas camiñan arredor das cadeiras colocadas en círculo

Soa a música

As persoas sentan nas cadeiras colocadas en círculo

Para a música

As persoas camiñan arredor das cadeiras colocadas en círculo

Soa a música

Para a música

**Escolle libremente.**

**Arte e/ou Vida.**

**NON TOCAR  
DO NOT TOUCH NES PAS TOUCHER**

**PROHIBIDO COMER E BEBER  
NO FOOD OR DRINK  
INTERDIT DE BOIRE ET MANGER**

**POR FAVOR APAGUE O SEU TELÉFONO MÓBIL  
PLEASE TURN OFF YOUR CELL PHONE  
SVP ETTEINDRE VOTRE CELLULAIRE**

## Comparte un espacio seguro.

----- Mensaje reenviado -----

De:

Fecha: 04/05/2016 11:15

Asunto: Re: Solicitud de material

Para:

Cc:

Estimada

lamentablemente sentimos comunicarte que las catenarias se consideran elementos de seguridad y su uso depende expresamente de dicho departamento, quedando por tanto restringido cualquier uso ajeno a ese fin.

Una vez más, disculpa las molestias, y quedo a tu disposición para lo que pudieras necesitar.

Un saludo,

**Onde todo é válido.**

De: [REDACTED]  
Fecha: 11 de enero de 2017, 20:19  
Asunto: ERROR EN ENVÍO DE INVITACIÓN A ESTRENO  
Para: [REDACTED]

Estimado público,

Debido a un problema informático se les ha enviado por error una invitación para el estreno de la obra de teatro [REDACTED].

Sentimos la confusión que les haya podido crear y les comunicamos que esta invitación queda **INVALIDADA**.

Les rogamos disculpen las molestias. Quedamos a su disposición para cualquier consulta.

Atentamente,

[REDACTED]

Soamente se vive ~~unha~~ **esta** vez.

A TÚA ENTRADA AQUÍ

## **Único entre o incontable.**

E o público perguntou:

– *Cal é o teu criterio?*

E o teatro respondeu:

– *O meu criterio es tí.*



## Epílogo. (\*)

- Laurence  
Loppe
- “O movementu danzado deixará seu trazo tanto no corpo que o crea coma no corpo que o acolle ou percibe. Unha poética da danza situarase, polo tanto, na bisagra entre estas distintas polaridades. Debería ser ela mesma bisagra; o intersticio flutuante onde se negociaban estes intercambios de estados dos corpos”
- 
- Jacques  
Rancière
- “Sempre intento poñerme no lugar do público, ter un ollo fóra, escoitar o fío de tensión que existe. Creo que o espectáculo non se produce na vista, senon no interior de quen te mira. Cando bailas, debes intentar mover o interior de quen te mira, comover; de aí vén a palabra. (...). Tes que ter dous ollos, un é ese, e o outro é o que che dá a capacidade de evadirte, de conectar con algo superior.”
- 
- Roger  
Bernat
- “Quen percíbese a totalidade da melodía sería á vez o máis solitario e o máis comunitario.”
- 
- R. M.  
Rilke
- “O público é unha expectación, un vacío a ocupar, unha aspiración” -en sentido figurado e en sentido literal. Nunha palabra, é o Outro.”
- 
- Jean-Paul  
Sartre
- “No último decenio o espectador convertido nunha entidade metade consumidor, metade produtor ten vindo a redefinir as bases do tradicional conflito.”

(\*) Ver limiar

|                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|-----------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Ana Vallés      | <p>“A súa fisura deixa ver que a eficacia da arte non consiste en transmitir mensaxes, ofrecer modelos ou contra guión modelos de comportamento ou ensinar a descifrar as representacións. Consiste antes de máis en disposicións dos corpos, en recortes de espazos e de tempo singulares que definen maneiras de estar xuntos ou separados, á fronte ou en medio de, dentro ou fóra, próximos ou distantes.”</p>                                                                                                    | Llorenç Barber           | <p>contra nel está o corazón, o núcleo dese insondable encontro que é o acto onde pode acontecer calquer desastre máis ou menos iluminador.”</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|                 | -                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| Andrés Corchero | <p>“Non existe o espectador-mirón. Se me sitúo como espectadora, a miña percepción da escena non se limita ao acto de mirar e escoitar (os dous sentidos públicos). Non existe unha escena que non implique, ao mesmo tempo, os sentidos, o pensamento, o xuízo, a emoción; asociacións, memoria, empatía. O espectador sempre se implica ou, polo menos, toma posición. Polo tanto, actúa, ten a posibilidade de actuar”</p>                                                                                         | J.W. Goethe              | <p>“Todas estas formas son similares, pero ningunha é igual a outra, e así suxire o coro unha lei secreta.”</p> <p>“A adopción dos sistemas de CRM ocasionarán un cambio revolucionario para o mundo das artes e a cultura. Provéen aos xestores e directivos de todos os departamentos un único lugar onde capturar e almacenar todas as interaccións con cada usuario. É este o motivo polo que cremos que o CRM transformará a industria das artes nos próximos anos.”</p> |
|                 | -                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| Roger Bernat    | <p>“(…) asombrado por “as delicias da imperfecção” e credor das estéticas do receptor, do escoita (tralos descabros do xenialoide “auctor”), para min o chamado público é “ese encontrarse mutuo” (Buber) onde non hai ganancia se non hai solaz/pesar/risco/etc. nese temporal (instantáneo ás veces) estar de dous en presenza recíproca. para min público non é só “receptor”. non é só cola (máis ou menos imprescindible) desa hidra, pode que de varias cabezas, que é o feito artístico, se non o que pola</p> | Eugene Carr              | <p>“O espectador abre o berce dos seus soños para que depositemos nel o noso.”</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|                 | -                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | Walter Gropius           | <p>“Se o milagre non pode suceder e tanto o artista coma os espectadores somos incapaces de cambiar nada do que vemos, quizais o único que podemos modificar é a nosa forma de achegarnos ao mundo.”</p>                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|                 | -                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
|                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | Isidoro Valcárcel Medina | <p>“O concepto de alteridade (Outro) se contrapón ao de identidade, do latín idem, idéntico (...) Como facer da alteridade un lugar de resistencia a esa construción do Outro?”</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                           |

Luciano de  
Somosata

“O obxectivo deste Teatro Total é abrumar ao espectador. (...) Este asalto ao espectador, desprazándoo e situándoo inesperadamente o centro da acción noutra posición, elimina as expectativas habituais e faille ser un participante activo na representación empurrándoo físicamente a outro contexto espacial. A separación de espectáculo e espectador superouse!”

Peter  
Brook

“non debería existir un contemplador non autor, rigorosamente considerados ambos. É a contra-feita estrutura cultural a que permite o seu sentido dun home que se limita a mirar o que outros fan. (...) E como dixeran que arte é, inevitablemente, acción, o espectador resulta ser un ente ficticio que permanece sentado mentres se move. (...) Porén, o mundo é dos espectadores, non só porque son moitos máis, senon tamén porque, pensando no seu dobre aspecto cuantitativo e cualitativo, o autor crea para eles - a seu gusto, podería dicirse - o produto do esperado éxito. (...) E neste caso, paradigmático polo frecuente, si que existe o espectador, si que non existe a arte.”

María Íñigo  
Clavo

“non só é placentera senon tamén útil aos espectadores, canta cultura e instrución imparte, como armoniza as almas dos asistentes, exercitándoos nos máis belos espectáculos, entretendo con magnificas audicións e amosando unha beleza común da alma e do corpo.”

José Val  
del Omar

“(…) En realidade, a loubanza dos espectadores a tal bailarín será completa cando cada un dos asistentes recoñeza a súa propia situación, ou máis ben se vexa a si mesmo no bailarín como nun espello, tanto o que acostuma sentir como o que acostuma facer. É entón cando as persoas non poden contenerse de emoción e todos en masa entréganse ao eloxio, porque cada un ve as imaxes da súa alma e se recoñecen a si mesmos.”

Ivonne  
Rayner

“Se o público non forma parte do que facemos, é unha masturbación. Todos os ensaios son para o momento da verdade. É ese momento no que pensas que estás vivindo a mesma experiencia ca xente. Nese momento a experiencia vale a pena.”

Pablo  
Martínez

“No to involvement of performer or spectator; No to seduction of spectator by the wiles of the performer.”

(autoras que non aparecen)

## público, o

Tamén coñecido como “audiencia(s)” ou “espectador(es)”, o público é considerado un dos grandes protagonistas da arte ata os nosos días, á par que un dos grandes descoñecidos. Difícil de acoutar nos seus gustos e impredecible nas súas reaccións, a pesar dos numerosos estudos arredor do seu comportamento, a comparecencia do público ante unha obra ou artista, así como o seu modo de estar presente e a expresión das súas opinións, foron sempre pezas chave no desenvolvemento das artes en xeral, e das artes escénicas en particular.

Acostúmase definir ao espectador como o destinatario de la representación artística. Nas artes escénicas, o público ou espectador cobra unha especial importancia pola comunicación directa que se establece entre el/ela e a escena. A escena do século XX, veu modificar fondamente a concepción clásica do espectador, que o consideraba un elemento pasivo, pasando a outorgarlle un rol activo e colocándoo como un dos eixos principais da creación escénica contemporánea. Constituído a cabalo entre a emancipación e a manipulación, o espectador débátese entre o seu recoñecemento como colectivo crítico e esixente que reclama un lugar e unha voz propios, e a súa redución a masa de consumidores que se ve relegada a obxectivo de vendas. Actualmente, recoñéceselle como produtor e consumidor á vez. Foi e continúa a ser definido, tamén, como un eu e un nós ampliados ou expandidos que inclúen, paradoxalmente, a outro e a outros.

Pioneiro da contemporaneidade, o público tense configurado en maior medida como unha comunidade aberta á entrada e saída de calquera persoa; se ben estratificado e reflexando estruturalmente as diferenzas políticas e socioeconómicas, marcadas sobre todo na súa distribución espacial e tamén a

través de certas barreiras de acceso en razón das diferenzas de prezos. Dalgún xeito, a proximidade ou distancia á autoridade que encarna o artista e/ou intérprete e a proximidade ou distancia á zona de poder que simboliza o escenario, reproducía –e en certa medida segue a reproducir– as distancias e relacións de poder entre clases sociais que gozan de maior ou menor privilexio de achegamento á obra.

A evolución do concepto de público acompañou en todo momento a propia evolución das artes, os seus movementos, revolucións, periodos escuros e transformacións. Os cambios na dramaturxia, a creación coreográfica, a performance e a acción en vivo, así como os cambios no modo de pensar a escena e o espazo escénico, comportaron cambios paralelos na relación co espectador. O artista procurou a instrución do público, a identificación, a conciencia social, a reflexión, a alienación, a mimese... Sexa cal for o efecto procurado, á escena atravesaralle sempre o que Jacques Rancière chama “o paradoxo do espectador” e que se traduce nunha formulación moi sinxela e rotunda: non hai teatro sen espectador<sup>1</sup>.

O público e a súa relación co artista e a obra foi e é obxecto de estudio e atención de todos e cada un dos e das artistas da historia mundial. As súas reaccións foron e son fonte de innumerables artigos, noticias e ensaios.

---

1. En abril de 2017 o veterano actor italiano Giovanni Mongiano representou íntegra a súa obra “Improvvisazioni dun actor que le” no Teatro del Popolo en Gallarate (Lombardía) a pesar de non asistir nin unha soa persoa.

Fonte: abc.es, 11/04/2017. <http://bit.ly/2o3BcCL>. Última consulta: 30/11/2018

*O público está aqui  
acabouse de ler*

*En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_\_  
às \_\_\_\_\_ h*